

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Publicación dedicación exclusiva Luis Alberto Castro Calvete. Elecciones locales 2023 (Corporación 2023-2027)

PUBLICACIÓN DO ACORDO DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O XOVES 18 DE XULLO DE 2024.-

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o Xoves, 18 de Xullo, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

**“5. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DO CARGO DE CONCE-
LLEIRO DE URBANISMO DO CONCELLO DE ARTEIXO. Corporación 2023-2027.-** Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 15 de xullo de 2024, emitiu o seguinte **DITAME**:

**“3. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DO CARGO DE CONCELEI-
RO DE URBANISMO DO CONCELLO DE ARTEIXO. Corporación 2023-2027.-**

"ELECCIÓN S LOCAIS 2023 (Corporación 2023-2027)

Exp. 2022/X999/000051

Exp. proposta.- 2024/G006/000332

Proposta de Acordo

**PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E RÉXIME DE RETRIBUCIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO
DE URBANISMO DO CONCELLO DE ARTEIXO. Corporación 2023-2027.-**

O Concello de Arteixo está a licitar o contrato de servizos de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O inicio do proceso de formulación do planeamento xeral implicará unha moi importante carga de traballo e adicación, tanto no eidos técnico como político, e non soamente por tratarse de un documento de unha extraordinaria complexidade técnica, senón porque o proceso de formulación esixe un diálogo intenso e permanente coa totalidade de actores que operan sobor o territorio; cidadanía; empresarios; colexios profesionais; administracións públicas... etc.

Ábrese, polo tanto, un proceso chamado a transformar substancialmente o termo municipal, e dito proceso esixe o compromiso de todos os empregados municipais así coma dos munícipes portadores do mandato popular. E dentro de este compromiso cabe destacar a adicación total que se esixirá ao concelleiro delegado en materia de urbanismo, en tanto responsable da impulsión e supervisión do proceso de formulación, xa que asumirá a responsabilidade de trasladar aos funcionarios e máis ao equipo redactor as directrices xerais emitidas polo Alcalde e máis a Corporación.

Considerando o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recoñece o dereito dos membros das Corporacións Locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan dedicación exclusiva ou parcial aos mesmos, sendo dados de alta no Réxime xeral de Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. Este artigo 75, entre outros, foi modificado pola Lei 27/2013 de Racionalización e sustentabilidade da administración Local, determinando un número máximo de cargos políticos e persoal eventual en cada municipio segundo o tramo de poboación que lle corresponda.

Co fin de dar aplicación á lexislación indicada ao Concello de Arteixo, cómpre resaltar as seguintes circunstancias:

O Concello de Arteixo atópase no tramo poboacional entre 20.001 e 35.000 habitantes polo que segundo os límites establecidos polo art. 75 bis e art. 75 ter da Lei de Bases (modificacións introducidas pola antedita lei 27/2013) os membros con adicación exclusiva non poderán exceder de dez. Ase mesmo, ao estar no intervalo poboacional entre 20.001 e 50.000 habitantes o réxime retributivo destes deberá ser o de Secretario de Estado menos o 45%.

O artigo 18 do RD 24/2018 polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público establece os límites máximos totais que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos para o vixente exercizo económico, segundo o seguinte réxime xurídico:

Artículo 18. Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales.

Uno. De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 4 del presente real decreto-ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Euros
Más de 500.000	106.130,60
300.001 a 500.000	95.517,54
150.001 a 300.000	84.904,46
75.001 a 150.000	79.598,46
50.001 a 75.000	68.985,42
20.001 a 50.000	58.372,36
10.001 a 20.000	53.065,30
5.001 a 10.000	47.759,30
1.000 a 5.000	42.452,24

A actualización de dita tabla en consontes coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2023, sería a seguinte:

Nº de habitantes	Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o regulamento orgánico municipal do concello de Arteixo (ROM) e demais concordantes e de xeral aplicación.

Por outra banda, en consontes co disposto no artigo 75.ter.1.g) da Ley 7/1985, de 2 de abril, nos concellos con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dez. A día de hoxe son nove os concelleiros que teñen recoñecida esta adicación.

En virtude de todo o anterior formúlase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adicación total – exclusiva- en xornada completa, do Concelleiro delegado de urbanismo, con efectos da data do nomeamento e aceptación do cargo, con unha retribución de 56.380,38 euros, dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano):

A contía consignada no apartado anterior serán obxecto de actualización de conformidade ao establecido nas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao concelleiro de urbanismo para a súa aceptación expresa ou tácita polo transcurso de tres días dende a súa notificación sen que se manifeste nada en contrario.

TERCEIRO.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao concelleiro delegado unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de adicación exclusiva ou parcial, asumindo o Concello de Arteixo o pago das cotas empresariais que correspondan.

CUARTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia.

En Arteixo, documento asinado dixitalmente na data da e-sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente, José Carlos Calvelo Martínez.”

Dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe emitido pola Técnica de Persoal e RR.HH. en data 06.07.2024, con CVD z2BbBpZGz0/OJ6hxmKNz.
- Informe de fiscalización emitido pola Viceinterventora Municipal, Dna. Luz María Villa Álvarez, en data 16.07.2024, con CVD LkqZF3CHxJFoCQwbNjvN.

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia, somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

14 Grupo PARTIDO POPULAR

Abstencións:

4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

Asina dixitalmente na data do documento electrónico (22.07.2024). José Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2024/5314



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Corporación 2023-2027. Aprobación de asistencias a órganos Colexiados

ANUNCIO.- Publicación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 22 de Xuño do 2023, relativo á **7. APROBACIÓN DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.-**

“7. APROBACIÓN DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.-

“Proposta de Acordo

Asuntos da Alcaldía-Presidencia

Exp. 2023/G006/000268

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O RÉXIME DE ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN. Corporación 2023-2027.

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixido alcalde-presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o regulamento orgánico municipal do concello de Arteixo (ROM) e demais concordantes e de xeral aplicación.

No artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local o dereito dos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial a percibir indemnizacións por asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que formen parte, na contía establecida polo Pleno da Corporación, nos seguintes termos: “3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos Colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.”

Considerando o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En virtude de todo o anterior formúlase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Os concelleiros que non ostenten dedicación percibirán indemnización pola asistencia aos seguintes órganos dos que formen parte, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberan realizar os descontos oportunos:

Sesións do Pleno da Corporación: 300,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Sesións da Xunta de Goberno: 400,00 € por cada sesión, ata un máximo de tres sesións mensuais.

Comisións Informativas Permanente de asuntos xerais do Pleno: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Comisións Informativas Permanente de asuntos económicos e ou Comisión Especial de Contas: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Comisión Informativa Especial de Deslinde: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Xunta de Voceiros: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Mesa de Contratación: 200,00 € por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.

Para que poida apreciarse a concorrencia efectiva os concelleiros deberán personarse no lugar de celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo 20 minutos dende a hora da convocatoria da sesión, os

membros do órgano colexiado que non estean presentes non poderán figurar na acta correspondente nin devengarán ao seu favor dereito ao cobro da indemnización por asistencia anteriormente regulada.

SEGUNDO.- Para os gastos derivados de desprazamentos extraordinarios ou de longo percorrido, así coma para as axudas de custo, os membros corporativos percibirán as contías fixadas para o Grupo 2 nos Anexos do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, revisado pola resolución de dous de decembro de dous mil cinco da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal así como no portal de transparencia.

En Arteixo, documento asinado dixitalmente na data da e-sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Carlos Calvelo Martínez.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 14 Grupo PARTIDO POPULAR
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 Grupo ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Votos en contra:

- 4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Asina dixitalmente na data do documento electrónico. José Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

En Arteixo, a 23 de Xuño de 2023

2023/5068

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Corporación 2023-2027. Réxime de adicacións dos concelleiros/as do equipo de goberno.

ANUNCIO.

Publicación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 22 de Xuño do 2023, relativo á **8. RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO.-**

“8. RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO.-

“Proposta de Acordo

Asuntos da Alcaldía-Presidencia

Exp. 2023/G006/000269

PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS DOS CARGOS DE ALCALDE-PRESIDENTE E CONCELEIRAS/OS DO CONCELLO DE ARTEIXO. Corporación 2023-2027.-

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixido alcalde-presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local reconece o dereito dos membros das Corporacións Locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan dedicación exclusiva ou parcial aos mesmos, sendo dados de alta no Réxime xeral de Seguridade Social e asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. Este artigo 75, entre outros, foi modificado pola Lei 27/2013 de Racionalización e sostenibilidade da administración Local, determinando un número máximo de cargos políticos e persoal eventual en cada municipio segundo o tramo de poboación que lle corresponda.

Co fin de dar aplicación á lexislación indicada ao Concello de Arteixo, cómpre resaltar as seguintes circunstancias:

O Concello de Arteixo atópase no tramo poboacional entre 20.001 e 35.000 habitantes polo que segundo os límites establecidos polo art. 75 bis e art. 75 ter da Lei de Bases (modificacións introducidas pola antedita lei 27/2013) os membros con adicación exclusiva non poderán exceder de dez. Ase mesmo, ao estar no intervalo poboacional entre 20.001 e 50.000 habitantes o réxime retributivo destes deberá ser o de Secretario de Estado menos o 45%.

O artigo 18 do RD 24/2018 polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público establece os límites máximos totais que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos para o vixente exercizo económico, segundo o seguinte réxime xurídico:

Artículo 18. Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales.

Uno. De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 4 del presente real decreto-ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Habitantes	Euros
Más de 500.000	106.130,60
300.001 a 500.000	95.517,54
150.001 a 300.000	84.904,46
75.001 a 150.000	79.598,46
50.001 a 75.000	68.985,42
20.001 a 50.000	58.372,36

Habitantes	Euros
10.001 a 20.000	53.065,30
5.001 a 10.000	47.759,30
1.000 a 5.000	42.452,24

A actualización de dita tabla en consontes coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2023, sería a seguinte:

Nº de habitantes	Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o regulamento orgánico municipal do concello de Arteixo (ROM) e demais concordantes e de xeral aplicación.

En virtude de todo o anterior formúlase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adicación total – exclusiva- en xornada completa, dos membros da Corporación que se indican de seguido, con efectos dende o día 17 de xuño para o cargo de Alcalde-Presidente e con efectos da data do nomeamento e aceptación dos cargos con adicación exclusiva para os restantes concelleiros/as, coas retribucións que se determinan, divididas en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano):

Adicacións exclusivas	Custo salarial anual *
Alcalde presidente	63.500 €
Concelleiro/a serv. Económicos e Facenda	55.000 €
Concelleiro/a de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías	55.000 €
Concelleiro/a de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación	55.000 €
Concelleiro/a de Servizos Municipais	45.000 €
Concelleiro/a Medio Ambiente	45.000 €
Concelleiro/a Deportes	45.000 €
Concelleiro/a Prom. econ e festas	45.000 €
Concelleiro/a de Medio Urbano e Medio Rural	45.000 €

SEGUNDO.- Aprobar a adicación parcial dos membros da Corporación que se indican de seguido, con efectos dende a data do seu nomeamento e aceptación dos cargos coas retribucións que se determinan, divididas en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano):

Adicación parcial	% Adicación	Custo salarial anual
Concelleiro/a de Cultura e Xuventude	75%	41.250 €

As contías consignadas no apartado anterior serán obxecto de actualización de conformidade ao establecido nas correspondentes Leis de Orzamentos do Estado.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos membros da Corporación afectados polos cargos anteriormente referidos para a súa aceptación expresa ou tácita polo transcurso de tres días dende a súa notificación sen que se manifeste nada en contrario.

CUARTO.- Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as unha vez que acepten e asuman os cargos aos que se lle recoñece o réxime de adicación exclusiva ou parcial, asumindo o Concello de Arteixo o pago das cotas empresariais que correspondan.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios da Corporación, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia.

En Arteixo, documento asinado dixitalmente na data da e-sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente, José Carlos Calvelo Martínez.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

14 Grupo PARTIDO POPULAR

Votos en contra:

4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1 Grupo ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA, os acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.

José Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

En Arteixo, a 23 de Xuño de 2023

2023/5069